


A CONTRIBUCIÓN DO DISCURSO XORNALÍSTICO  
DE RAMÓN VILAR PONTE AO PROCESO DE EMERXENCIA  
DO SEGUNDO RENACEMENTO<sup>1</sup>

Goretti Sanmartín Rei

<sup>1</sup> Este artigo realizouse no marco do proxecto de investigación *A filosofía política de Ramón Vilar Ponte*, subvencionado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galicia [PGIDIT04PXIA26301PR].



### 1. Ramón Vilar Ponte e o proxecto de reconstrución nacional da xeración do 16

No primeiro dos volumes editados como resultado do proxecto de colaboración entre unha parte do profesorado da Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña e a Universidade do Estado de Rio de Janeiro, a profesora Tato Fontañá (2003: 193-194) lembraba unhas palabras do discurso que Ramón Vilar Ponte le o 16 de xuño de 1951 na súa recepción como académico, onde manifesta, máis unha vez, a consciencia con que as Irmandades da Fala desenvolveran o seu proxecto de emerxencia lingüística e literaria para o noso país. *A Xeración do 16* (Villar Ponté, R. 1977) constitúe, tal e como subliñou Rodríguez Jordi na súa *laudatio* do académico a que substitúe ao ocupar a cadeira vacante tras o falecemento de Ramón “un fragmento palpitante de la vida gallega” que, polo momento en que se produce, supón unha ousadía por parte do seu autor ao tempo que posibilita un coñecemento e unha valoración de primeira man do legado cultural e político do Segundo Renacemento. Porén, como en tantas outras ocasións, a sociedade galega terá que agardar 26 anos e áinda así, tras a iniciativa dos seus familiares para financiaren a súa publicación, para coñecer o contido dun texto revelador que recupera e aproxima (en plena ditadura) a historia do activismo do nacionalismo anterior á guerra civil española; a virtude principal deste discurso reside en focar a perspectiva nos seus principais protagonistas, que recuperan así as súas voces particulares e ofrecen un discurso coherente e, ao mesmo tempo, heteroxéneo sobre as múltiplas facetas a que se dedicaron.

A vontade de intervención consciente sobre a realidade lingüística do país levou os integrantes desta etapa a se dotaren dun importante corpus teórico que sustentase unha práctica que tiña como obxectivo fundamental ampliar o campo de uso social e público do noso idioma, e insistía en que este debía cubrir todos os ámbitos de expresión. Noutro momento do discurso que citamos Ramón Vilar Ponte volve sobre esta cuestión para, na liña de defensa da verdade e da xustiza que guiaban a súa conduta<sup>2</sup>, dar “a cada un o seu”, título este dun dos artigos vilarpontianos escritos no xornal ourensán *La Zarpa*:

<sup>2</sup> Segundo Rodríguez Jordi, Ramón Vilar Ponte era “de sanas intenciones, de incorruptible dignidad, de nobilísimos pensamientos; erudito sin pedantería, sencillo sin desaliño, afable sin afectación”. O propio Ramón deixou varias referencias sobre as habituais referencias ao seu carácter entusiasta (Villar Ponte, R. 1977: 9) e sobre a defensa dos seus valores e principios, ainda que iso o levase a ser en ocasións “todo o inaxeitado, imprudente e incorrecto que se queira” (Villar Ponte, R. 1933b: 1).

[...] nós non pretendemos deixar sentado que o cultivo abondoso do galego, dende qu'él se inicia, témero e balbucinte até que xa se manifesta seguro e borreante, non foi derivación e froito eisclusivo do xurdimento das «Irmandades». O que si termamos de probare é que un cultivo sistemático, premeditado, abarcando todolos campos d'eispresión individual e colectiva, incruido, craro está, o da adoitada conversa entre persoas de categoría intelectual e profesional, se non realizara nunca tan compreta e totalmente até o intre en que as «Irmandades» aparecen e s'espallan pol-a terra (Villar Ponte, R. 1977: 12).

A valoración do menor dos Vilar Ponte sobre o que tivo de “reconstrución artificiosa” (Villar Ponte 1977:13) a consolidación do sistema literario galego foi feita xa con anterioridade polo mesmo autor en diferentes textos, ao aproveitar calquera ocasión para insistir na vontade de modificar as condutas e as actitudes lingüísticas da poboación. Así, no artigo con que Ramón celebra o 16 aniversario das Irmandades (Villar Ponte, R. 1932b: 5) insiste en que só coa formación desta organización se fixo posíbel a rectificación do erro do galeguismo anterior que non situaba en primeiro lugar a reivindicación idiomática. Convén subliñarmos, para contextualizar estas afirmacións, que para parte dos galeguistas do XIX e tamén de comezos do XX a defensa do idioma ía dirixida, fundamentalmente, á súa promoción literaria. Mais entre a renovación que os novos tempos esixen está a apostá por unha coherencia entre teoría e praxe no referido aos usos lingüísticos, ao constituir a lingua o núcleo central sobre o que se sustenta a doutrina da Xeración do 16. Entre as imaxes más ilustrativas da revolución que supuxo situar o idioma no centro deste proceso están as palabras que Ramón utiliza para ilustrar unha foto do seu fillo maior, Xaime Vilar Chao, cando contaba só con seis meses de idade<sup>3</sup>:

*Vera effigie d'un infante galego nazonalista, cicas do único infante que xa no berce, pertencendo a unha familia non labrega nin artesán, ven sendo alouiniñado por seus pais, d'un xeito consciente e ateigado de intenzón, coás verbas da língua doce e groriosa da Patria, lingua á que hoxe están facendo rexurdire as beneméritas Irmandades da Fala.*

En Viveiro a 19 de Santiago do Ano Santo de 1920

Xaime Vilar Chao

¡Patria libre!

O contido deste texto concreta extremadamente o feito de asistirmos a un proceso consciente que procuraba converter en galegofalantes aquelas clases que desertaran do emprego da lingua propia había anos. Ramón Vilar Ponte comprométese persoalmente e fai pública a súa intención, e con ela a das Irmandades, de mudar esta situación co obxectivo de conseguir que o galego volvese a ser a lingua inicial das clases altas, pouco máis dunha década despois de se produciren as coñecidas palabras en que Murguía se laiaba dos cambios producidos nos 50 anos que transcorreran desde que el era novo a respecto do emprego do galego polas clases altas (Murguía 1906: 128).

<sup>3</sup> Agradecemos o coñecemento deste importante documento a Teresa Vilar Chao, transmisora entusiasta do legado do seu pai.

Mais cómpre tamén lembrarmos que o contido do texto que Ramón Vilar Ponte repariu entre os seus familiares coa foto de seu fillo pretende combater o que se desprendía dunha afirmación anterior do Patriarca, en que insistía en que foran os labregos e os artesáns que representaban as dúas terceiras partes da poboación os depositarios do idioma (Murguía 1864: 47). Faltaba o outro terzo, un sector fundamental pois a súa conduta lingüística era habitualmente imitada polas clases inferiores, e a súa (re)integración era o obxectivo prioritario para construír unha sociedade homoxénea lingüisticamente, que ultrapasase a equiparación do emprego do galego coa pertenza ás clases baixas, e, por tanto, que contribuíse a frear a fragmentación social no terreo lingüístico, por ser contraria aos intereses da patria, tal e como xa anunciara García Blanco (1912: 9) nas súas *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega*<sup>4</sup>.

Neste sentido, a tarefa das Irmandades, áinda que se concretaba moi especialmente no aumento do cultivo literario do noso idioma, incluía tamén o potenciamiento do emprego do galego na conversa entre xentes instruídas, no comercio epistolar, na oratoria sagrada e profana e nos instrumentos públicos, todo aquilo que Emilia Pardo Bazán enunciara na velada en homenaxe a Rosalía de Castro celebrada en 1885 para xustificar a imposibilidade e os perigos de se converter o galego nunha lingua de prestixio (Pardo Bazán 1984: 17-20) e que Ramón Vilar Ponte recolle no seu discurso de entrada na Real Academia Galega, para, nunha novedosa interpretación das palabras da autora de *Los Pazos de Ulloa*, proclamar que ese foi o camiño percorrido pola Xeración do 16, un camiño que deixabaatrás a consideración do galego como un dialecto e como unha variedade incapaz de servir ás necesidades dunha cultura elaborada. Coa intención de defender os intereses da lingua e da cultura galegas, o artífice das Irmandades<sup>5</sup> declara que as accións que emprende a Xeración do 16 foron a necesaria resposta ao proceso de substitución lingüística que sinalara Emilia Pardo Bazán (Villar Ponte, R. 1977: 14-15).

Por outra parte, os autores das Irmandades e do grupo Nós foron, fundamentalmente, xornalistas, e potenciaron esta liña de actuación como un relevante factor de intervención social. En palabras do propio Ramón:

Falamos más atrás dun renovárese da prensa galega que o xurdimento das Irmandades motivou. Daquela foron varios os xornalistas noveles ou pouco coñecidos deica estones, que se revelan como realidades integradoras dun xornalismo feito en galego, y-en galego sentido rexamente que ven, para ledicia e benfizo da Terra, a compretar o cadre de actividades compoñentes daquel xurdio despertar galego semellante a unha alborada de gloria (Villar Ponte, R. 1977: 43).

<sup>4</sup> Un texto que, como demostrou Fernández Salgado (2000: 290-297), responde en gran parte á doutrina que logo desenvolverán e concretarán as Irmandades, a pesar de estas superaren a incoherencia en que cae o mesmo autor ao empregar o castelán na defensa dos seus postulados.

<sup>5</sup> Para o papel de Ramón e Antón Vilar Ponte na xestación das Irmandades, véxase Ínsua 2002: 591 e Ínsua 2005.

E se outros escritores foron valorados desde esa faceta (pénsese en Roberto Blanco Torres que Ramón Vilar Ponte pon a continuación como principal exemplo ou no propio Antón Vilar Ponte quen, sen o desexar, contribuíu á secundarización da figura de seu irmán) pouca pescuda se realizou até o momento sobre a obra xornalística do menor dos de Viveiro, a pesar das palabras que lle dedica Cabanillas na súa resposta ao discurso de entrada na Academia:

Poucos serán, en verdá, os que poidan presentar no seu haber unha labor xornalista e literaria tan considerable e tan copiosa, avalorada no externo pol-a claridade expositiva e pol-o casticismo do seu léxico, e no interno pol-o exame concienzudo das materias, pol-a serenidade da crítica e pol-a devoción fervorosa do autor ó país galego que se reflexa en todal-as páxinas dos seus libros e dos seus artigos e ensaios (en Villar Ponte, R. 1977: 56-57).

Especialmente significativa foi a importante actividade que Ramón desenvolveu nos primeiros anos de vida das Irmandades e moi concretamente, ainda que non só, a través das páxinas do xornal *A Nosa Terra*. O que agora nos interesa subliñar é que nos primeiros anos da existencia do órgano de difusión da doutrina da Xeración do 16, ademais de seren da autoría de Ramón e de Antón, polo estilo e os contidos, moitos dos artigos sen asinar (véxase Beramendi 1991: 11) e outros asinados con iniciais ou con pseudónimo, son especialmente relevantes, polo seu carácter didáctico é o seu afán proselitista, os artigos doutrinais escritos por Ramón Vilar Ponte ao pretenderen afianzar as bases do nacionalismo galego e pór os alícerces na cuestión lingüística e atacar aquelas persoas que ainda pensaban na posibilidade de seren integrantes do movemento galeguista empregando o español. A rotundidade dos seus contidos e a denuncia dos falsos apóstolos da causa anuncia textos posteriores que, na mesma liña, procurarán un verdadeiro compromiso lingüístico da base nacionalista. A súa proposta más radical é a que suporía a creación dunha Subirmandade con aquellas persoas dispostas a seren verdadeiramente consecuentes co ideario nacionalista, algo que implica obrigatoriamente o emprego da lingua propia en calquera situación e con calquera receptor que nacece no noso país e rematar coa habitual transixencia no emprego do español (Villar Ponte, R. 1920b: 1). A reflexión ten grande interese xa que se produce só catro anos despois do nacemento das Irmandades e supón a constatación das contradicóns en que caían algúns compañeiros na causa que non empregaban a nosa lingua na maioría das interaccións lingüísticas da súa vida cotiá, ao teren o galego por idioma da tribuna e da vida pública mais continuaren utilízando o castelán como lingua familiar.

Porén, ainda que se recoñecea a relevancia destes textos, Ramón Vilar Ponte é unha figura case desconocida na súa faceta de xornalista para gran parte do público galego, mesmo especializado. Decidimos, pois, abordar a análise das liñas fundamentais do discurso xornalístico de Ramón Vilar Ponte na época das Irmandades, un percorrido que nos ofrecerá unha imaxe bastante completa das motivacións da escrita dun autor recorrente nos seus contidos e cuxa obra constitúe un todo unitario dominado pola presenza de Galiza e a procura do ideal da súa redención.

Non é a nosa pretensión realizarmos aquí unha análise do catálogo completo das colaboracións xornalísticas diseminadas ao longo da súa traxectoria por moi diferentes publicacións, entre as que cómpre salientar *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego*, *La Zarpa*, *Galicia*.

*Diario de Vigo, A Fouce, Alento, Erte, El Heraldo de Galicia, Rexurdimento, Lar e Galicia* de Buenos Aires etc., senón que, unicamente, pretendemos sintetizar as ideas que vertebran o seu discurso de construcción nacional e ofrecer unha aproximación ao papel que lle correspondeu dentro da xeración das Irmandades.

## 2. A heteroxeneidade dos textos vilarpontianos

Incluímos no noso estudo os artigos que Ramón Vilar Ponte asinou co seu nome completo ou coas iniciais RVP<sup>6</sup>, aqueles que asinou unicamente coa inicial do seu nome (R.)<sup>7</sup> que son claramente da súa autoría, algúns non asinados mais que presentan certas características que non fan dubidar da súa autoría ou sobre os que existen referencias que a certifican<sup>8</sup> e outros que foron publicados baixo pseudónimos que xulgamos poden ser atribuídos ao noso autor, unha serie de decisións que xustificamos a continuación.

O constante intervencionismo do menor dos Vilar Ponte, ao que hai que engadir a consagración de Antón como o grande guía do movemento e a necesidade de ofrecer a imaxe de seren os nacionalistas máis dos que realmente eran, acaba por restrinxir o número de artigos que o autor asina co seu nome completo. Mais o seu estilo, os temas habituais que son obxecto do seu interese e a maneira de os transmitir, aparecen inequivocamente noutros textos que nos xornais *A Nosa Terra* e en *El Correo Gallego*, na etapa en que o dirixiu, adoitan acompañar ora outro(s) artigo de si propio, ora outro(s) de seu irmán. A maioría destes artigos pertencen a determinadas series de colaboracións cun título identificativo, polo que é habitual que se correspondan con números sucesivos dalgunhas épocas moi concretas de diferentes xornais. As concomitancias temáticas, lingüísticas e estilísticas con outros escritos facilitan a atribución dalgúns textos a Ramón Vilar Ponte, ao tempo que se observa como foi un referente fundamental no deseño da política para a lingua defendida polas Irmandades. En ocasións, a autoría do artigo é moi clara, ao coincidir, case literalmente ou con algunas modificacións, con textos que logo viron a luz noutra publicación con asinatura do autor. Podemos exemplificar esta cuestión no artigo que publicou o xornal *El Correo Gallego* de Ferrol o 7-IX-1921 baixo o título “Luz y obscuridad” dentro da sección “Una cuartilla”, que coidamos que non pertence, como propón Ínsua (2002: 1096) ao maior dos Vilar Ponte, senón a Ramón, que volve usar o mesmo texto anos máis tarde, e xa en galego (“Liñas incidentaes. Luz i-escuridade”), no xornal vigués *El Pueblo Gallego* (Villar Ponte, R. 1927a: 1).

Pódense tamén atribuír ao noso autor unha serie de tres artigos publicados en números correlativos do xornal *A Nosa Terra* entre setembro e outubro de 1918 ([Villar Ponte], R. 1918b, [Villar Ponte], R. 1918c e [Villar Ponte], R. 1918d) que asinou unicamente coa primeira letra do seu nome, R., inicial que, ora xunto ás dos seus apelidos, ora a carón da referencia á súa vila natal tamén ten sido utilizada polo de Viveiro. Canto a outras características

<sup>6</sup> Iniciais que continuou utilizando tamén na posguerra (véxase V[illar] P[onte], R. 1953: 5).

<sup>7</sup> Xa fóra desta primeira vizosa etapa do de Viveiro, diferentes textos levan o seu indiscutíbel selo (véxase, por exemplo, o artigo “A cuarta plana” [Villar Ponte], R. 1930d: 6-, publicado nun número do xornal *A Nosa Terra* que xa inclúe outro artigo asinado polo autor co nome completo).

<sup>8</sup> Véxase, por exemplo, a información que dá o número 154 do xornal *A Nosa Terra* (31-12-1921) sobre o Boletín da Irmandade da Fala do Ferrol, cuxo texto foi redixido por Ramón Vilar Ponte ([Vilar Ponte, R.] 1921d).

importantes destes textos, alén de partillaren un título xenérico en común, os seus contidos correspóndense con motivacións habituais no noso autor (confusión Estado / nacionalidade; capacidade de rexeneración dun pobo se mantén vivo o idioma propio...), mesmo con oposicións dicotómicas moi do gosto dun Ramón Vilar Ponte que, por razóns didácticas, reduce sempre as cuestións más transcendentas a un esquema binario, onde non existen termos intermedios: “A patria síntese ou non se sinte. Pertender qu'en tal sentimento haxa termos meios é totalmente inadmisible” ([Villar Ponte], R. 1918c: 1).

No ano 1919 aparecen tres novos artigos coa mesma inicial dentro da sección “Verbas acesas”. Novamente estes textos van estar situados ao carón doutros artigos asinados co pseudónimo de Clodio Espasende sobre o que volveremos máis abaixo, ou de escritos de Antón Vilar Ponte, un feito que, evidentemente, influía na utilización da inicial do nome para asinar. Nestas tres columnas de pequenos fragmentos sobre aspectos básicos da teoría e práctica nacionalista, o denominador común é o tratamento do idioma como a cuestión principal.

O primeiro destes textos ([Villar Ponte], R. 1919a) responde a aqueles que consideran que o galego xa non é o idioma das clases altas e que só pode pertencer ao vulgo iletrado. A radicalidade das posicións vilarpontianas leva a situar o problema no seu xusto termo, reivindicando o valor de posuirmos áinda o idioma mercé á súa conservación entre as clases populares.

Por outra parte, e para mellor comprendermos a intencionalidade que se agocha baixo algúns dos pseudónimos utilizados polo noso autor, xulgamos que tamén a través destes textos xornalísticos –algúns deles de carácter literario– se procura vertebrar un proceso de construcción nacional moi semellante ao que xa foi estudiado para o discurso literario, e moi concretamente no caso galego, para as novelas oterianas (véxase Fernández Pérez-Sanjulián 2003). Xustamente escolle Ramón Vilar Ponte a publicación d'*Os señores da terra* para facer explícito que con obras como esta se cumplen as expectativas e os obxectivos programados polas Irmandades:

Eu findei agora a lectura de “Os señores da terra”, primeira parte de unha trilogía novelística que a pruma xúrdia de Ramón Otero Pedrayo ven arranxando. Hai en min, dimpois da lectura de ista admirabel novela do esgrevio polígrafo ourensán, unha tola ledicia cuia eispricación termo de abranguer e coido xa tere abranguido. Dimpois de lere a obra do gran Ramón galego por antonomasia, xa non cabe dubidare que o movemento reivindicador da patria, qu'en boa hora iniciaran as beneméritas Irmandades, escomeza a ofrecere os froitos xúrdios, os froitos belidos de plea maturidade, que dende o escomezo da acción vimos agardando os que d'ela fumos verdadeiros brazos executores.

[...] Todo isto pensaba eu xa, cada vegada que à miña conescenza chegaba unha nova obra das moitas que de algúun tempo a esta parte se veñen pubricando, e que son como unha consoeza ou millor como o froito das nosas campañas galeguizadoras e de retorno a nós mesmos (Villar Ponte, R. 1928a: 2).

Velaquí, pois, de maneira explícita, a utilidade da literatura no proceso de reconstrucción nacional da Galiza que vertebrou a Xeración do 16. Talvez por esta serie de lúcidas reflexións onde Ramón Vilar Ponte comparte co público lector a fusión entre o proxecto

político do nacionalismo e a consolidación do sistema literario galego<sup>9</sup> agardaríamos unha maior dedicación á literatura por parte do noso autor. Porén, ese non era o campo onde mellor se movía, tal e como afirmou Carballo Calero (1981: 613) ao indicar que Ramón Vilar Ponte era realmente un escritor didáctico, un orador por escrito. Os poucos contributos literarios de Ramón Vilar Ponte durante a preguerra xustifican a avaliación carballiana, por residir o valor dos seus textos na transmisión dun discurso simbólico de que sempre tiramos un aproveitamento ideolóxico; neste sentido, praticamente todos os textos literarios que escribe o de Viveiro na preguerra civil española procuran paralelismos metafóricos e alegorías que poidan ser doadamente interpretados polo público lector. Así sucede cando se mestura a paixón amorsa co fervor patriótico nun texto dedicado á memoria do “nazionalista exemplar Ignacio Rodríguez” (Villar Ponte, R. 1922c: 1), en que a amada que provoca a morte do amado pola dor da súa ausencia é a Patria, que finalmente recolle o corpo doente do loitador. O tema do fracaso da emigración está presente no conto “O derrotado” (Villar Ponte, R. 1924a: 3) e en “Peirao romántico” (Villar Ponte, R. 1930c) e, finalmente, Galiza aparece personificada nunha protagonista-vítima que sofre da escravitude e das aldraxes (Villar Ponte, R. 1924d: 1). Noutros casos saúdase a primavera como exemplo da fecundidade patriótica que ha de vir (Villar Ponte 1921a: 2-3) ou coa intencionalidade de converter as cantigas dedicadas a esta estación en cantos de loita e de reivindicación (Villar Ponte, R. 1922b: 1). En definitiva, quer a través dos galegos e das galegas e das súas vicisitudes, quer a través da humanización da patria, o cometido fundamental é procurar unha identificación persoal cos protagonistas dos relatos e acrecentar así a consciencia sobre o país e as súas necesidades.

A utilización da literatura como principal instrumento de reconstrucción nacional é un feito especialmente visíbel nas dúas décadas anteriores a 1936, sobre todo a través das páginas da revista *Nós*, organismo de difusión dun discurso literario que relaciona a literatura galega cun proxecto nacional. Xustamente por iso as grandes obras literarias, e de maneira moi especial a literatura histórica, van fornecer o noso autor de elementos simbólicos para proxectar o seu discurso de reconstrución da nación. Se a influencia de Vicetto é explícita na obra de Cabanillas e de Antón Vilar Ponte, que pretenden contribuír co Mariscal a transformar a historia, ao concordaren coa idea de que aqueles pobos que están aemerxer precisan máis de mitos que da Historia obxectiva e rigorosa, non menos certo é que a admiración de Murguía por esta novela histórica tamén había influír na escolla dalgún pseudónimo vilar-pontiano, pois unha revelación semellante á murguiana tras a lectura da novela de Vicetto (contada polo Patriarca en *Los precursores*<sup>10</sup>) era a que as Irmandades agardaban do público receptor dos seus textos xornalísticos e literarios.

<sup>9</sup> Véxase, a este respecto, un dos fragmentos dun texto publicado no xornal *La Zarpa* onde responde a un artigo publicado en *El Sol* onde se afirma que na Galiza non existe conciencia nacional como en Cataluña: “o Gómez aludido descoñecerá, da existencia de unha intelectualidade galega, somentes galega, feita de costas a Castela ou mellor, si dido descoñecerá, a España cuios órgaos representativos son as excelentes publicacións *Nós* e *Céltiga*, honra da Galiza que sabe sentírese a si mesma” (Villar Ponte, R. 1923a:1).

<sup>10</sup> Véxase Murguía 1976: 233-236 e 250-257.

Tras o proceso de laboriosa pescuda do inventario das publicacións de Antón Vilar Ponte, o profesor Ínsua López sinalou que algúns dos textos do xornal *A Nosa Terra* que presentan a sinatura de Clodio Espasende poderían ser, atendendo a criterios estilísticos, lingüísticos e temáticos, do maior dos de Viveiro, observándose tamén que algún deles parece “máis propio de Ramón que de Antón Villar Ponte” (Ínsua 2002: 955).

Ademais duns contidos que moitas veces comparten os dous irmáns, a presenza de certos vocábulos moi habituais en Ramón Vilar Ponte, a súa rotundidade e a súa intransixencia na defensa do emprego da fala e algúns trazos de carácter lingüístico (cuxa exposición ultrapasa os obxectivos deste artigo) inclinan a balanza ao seu favor. Alén disto, varios destes artigos (entre eles o que Ínsua considera máis ramoniano) pertencen a unha mesma serie encabezada polo título “Pequenas consideirazóns”. Mais, sobre todo, o feito de ter utilizado Ramón Vilar Ponte con posterioridade o mesmo pseudónimo indica claramente que estes textos son da súa autoría. Referímonos, concretamente, a varias follas manuscritas depositadas na Biblioteca do Parlamento galego, con letra do máis novo dos de Viveiro e cun contido que revela que algunha delas foi escrita tras se ter producido a morte de Castelao, por tanto, como mínimo, catorce anos máis tarde que o falecemento de Antón.

Clodio Espasende é un dos protagonistas da novela de Vicetto *Los hidalgos de Monforte*, romance histórico sobre o que Ramón Vilar Ponte realizou un traballo que foi premiado en 1951 no Centro Gallego de Madrid. A obra recrea a historia de Pardo de Cela, personaxe que, de xeito anagnórico había recibir, durante grande parte da novela, o nome de Clodio Espasende.

A idea que se pretende transmitir no primeiro destes textos vilarpontianos (Espasende 1918a) reforza a interpretación de se basear no romance vicentino, pois neste escrito aléntase sobre a apatía do pobo galego ante a Asemblea de Lugo, centrándose nesta provincia e salvando unicamente deste desleixo as vilas de Monforte e Vilalba. O significado deste pseudónimo é claro. A través del podemos escoitar a voz do libertador da Galiza, da verdade da lenda que é a que a nós nos interesa, como diría Murguía<sup>11</sup>, o seu irmán Antón no prólogo da peza dramática *O Mariscal* e o propio Ramón nun artigo publicado en 1924 titulado “Apariencias paradógicas”, onde sinala que os mitos poden trocarse en realidade:

Hay, pues, la verdad que no obra, la verdad inerte y fría incapaz de sugerir el más tenue dinamismo. Como hay también la verdad fecunda y trascendente siempre propicio al germe de saludables y efectivas derivaciones. Pero como al lado de ellas, sin estorbarlas ni depreciarlas en lo más mínimo se nos muestra otra verdad, la de la leyenda, y muy principalmente la de la leyenda histórica, que confusa y desorientadora en su gestación

<sup>11</sup> “Aún cuando la historia niegue con razón al mariscal Pardo de Cela el carácter de Libertador que se le asigna en la fábula, siempre quedará en pie, simpática, llena de interés, la figura del soñado Jefe de los Hirmundiños; de aquel que, según el poeta, combatió por la causa del pueblo y por la causa de Galicia, sacrificadas ambas por la doble euchilla de los Reyes Católicos y de los próceres gallegos. ¡No se hable de faltas históricas!... todo está compensado con el interés dramático de la narración, con lo perfecto y aún pudiera decirse patriótico de los caracteres, con el fin práctico soñado y perseguido en la novela. Ante tan noble intento, todo desaparece, y el libro adquiere, á nuestros ojos, el valor necesario para ser á un tiempo la revelación del estado de los espíritus y de los deseos y esperanzas de nuestro pueblo, por aquel tiempo” (Murguía 1976: 252-253).

truécase luego en claridad deslumbrante y vivificadora cuyos mejores testimonios probatorios e incontrovertibles hállanse en los hechos, en las realidades vivas que origina, hechos y realidades a cuya fuerza de convicción ni aún el más incrédulo puede sustraerse (Villar Ponte, R. 1924c: 3).

De entre os outros traballos asinados baixo este pseudónimo, posúe especial importancia o titulado “Pequenas consideirazóns. Importancia da lingua” (Espasende 1919d), en que ataca aquelas persoas que non unen a reivindicación idiomática á defensa do país e subliña que toda a política que se realice sen ter en conta a lingua como factor principal para o desenvolvemento nacional está chamada ao fracaso más rotundo. As referencias a Cataluña e o remate exemplificador da recuperación da lingua en Polonia son outras mostras dunha temática recorrente no noso autor<sup>12</sup>.

E nada mellor que completar ese círculo da utilización simbólica do personaxe de Pardo de Cela escribindo sobre Castelao. Neste sentido, o Mariscal encarnaría uns principios moi semellantes aos da fidalguía ideal de Otero ou da elite galeguista de Risco, esa minoría de escollidos que levarán o pobo á salvación<sup>13</sup>. Este texto de que falamos asinado por C. Espasende que está depositado na Biblioteca do Parlamento –e cuxa letra pertence inequivocablemente a Ramón Vilar Ponte– comenta as liñas de dedicatoria para os verdadeiros patriotas e compañeiros da causa que na obra *As cruces de pedra na Galiza* aparecen baixo a palabra “Envío”, rematando por agoirar un futuro digno para o país o día en que Castelao sexa soterrado na súa patria para se trocar en semente:

Nas primeiras follas de ise xúrdio eisponente do faguer e do saber do mestre Castelao, que se tidúa “As cruces de pedra na Galiza”, hai unhas liñas a cuia testa figura a verba “Envío”. Elas son, sen dubida ningunha, a xeito de verbas testamentarias que o autor quixo faguer constar nas pirmeiras llanas da sua obra póstuma, para que como taes as consideiraran todolos que d'elas tiveran coñecimento ou fixesen lectura. Son verbas que refexan nidicamente o pensamento do seu autor e que amosan, con craridade, os degaros que dentro d'él latexaban cando se resolveu a escribila.

Chóese n-elas, pirméiramente, unha rotunda afirmación de fe galeguista. Tal afirmación parce opórese como un balado infranqueábel aos achegadizos e aproveitados, aos eternos adoitados a pescaren n-augas revoltas. Coidándose os taes donos do momento, con prêsa se arriscaran xa a otorgaren patentes de galeguismo, e a pôr fora da realidade vivente a aqueles que, pol-o seu actuar, puro e sen lixos, foron, son e seguirán sendo os únicos e lexítimos gardadores das eternas esenzas que a terra choe en si e que mantidas por elas como sagro fogo oculto algúns días frolescerán en vizosos froitos de resurrección e recobro. Encontra dos taes van aquellas verbas do mestre nas que calquer espírito fino, compenetrado cô seu pensar e cô seu querer, doadamente percibirá un deixo de rachadora acedade, de

<sup>12</sup> Examínense, por citarmos algún exemplo, os contidos de dous artigos publicados polo viveirense nos primeiros números do xornal *A Nosa Terra* -Villar Ponte, R. 1917a e 1917b.

<sup>13</sup> Véxanse, a este respecto Fernández Pérez-Sanjulián (2003: 232) e Millán Otero 2000.

magoante sorpresa que dín: “eu non son un artista desgraciadamente perdido para Galicia”. De fronte á voz falsa, impiedosa, embaucadora, a voz do mestre s’ergue para decir somentes iso que fica transcripto. Y-en verdade que se non percisaba mais. Fala Castelao e as súas verbas, corroboradas por unha vida de sagrefizo, de loita, d’exemplaridade cuotidiana até nas mais cativeiras aicións, adquiriron para os que nos honoramos chamándonos compañeiros e irmans seus, e agora seguidores, as características de preceptos indiscutíbeis, de apoteogmas creadores.

A través de todal-as liñas que forman o “Envío”, o auscultador atento coida percibir, e defeito percibe, os latexos de un corazón ferido, de un espírito magoado, mais polos enganos e traicións dos propios que polos feitos dos alleos. E non é estrano. Castelao soupo das defeicións, das vergoñosas claudicacións, do incumprimento das obrigas, de tantas e tantas cousas que ainda hoxe nos abraian e semellan inconcebíbeis. E por iso quixo él que o seu libro fose dedicado somentes aos poucos que -¡Fachenda da decilo!- soufremos sere dignos de seguir chamándonos seguidores e irmáns do gran sementador, que algún día será acochado na terra galega pra que todo él se troque en semente.

C. Espasende

Sen entrarmos a discutir agora a controvertida figura do Mariscal, si queremos salientar a evidencia de ter deixado a súa morte “expedito o camiño para que os Reis Católicos puidan implantar en Galicia a súa política centralizadora e proceder á pacificación do territorio”, como afirmou o historiador Ramón Villares (1984: 96). Será este elemento o que determine que, fronte a outras interpretacións, Ramón Vilar Ponte, seguindo Vicetto, enxalte esta figura histórica e reivindique o seu antecastelanismo, situándoo como o caudillo dun movemento de emancipación galega (Villar Ponte 1932c: 146-154).

Continuándomos a viaxe por outro pseudónimo do noso autor, temos que nos referir ás notas que introduciu o profesor Monteagudo na súa tese de doutoramento (Monteagudo 1995a: 655, n.27), que sinalaban que un artigo asinado baixo o pseudónimo de Millobre Pinto (1928a) no xornal *A Nosa Terra* podería ser da autoría do de Viveiro. O confronto dos diferentes textos asinados nesta época baixo este pseudónimo (anunciados no número 253 1-X-1928 pola redacción como obra dunha “alma acesa pol-o santo ideal da galeguidez” que “demostra poseer un espírito requintado e un entendimento craro, cheio de recendo cultural”), inclinounos a acreitar na autoría ramoniana. Tivemos para iso en consideración tanto a importancia da lingua como cerne destes traballos, a súa radicalidade e o seu estilo simbólico-literario como uns contidos moi habituais noutros escritos do autor. Para alén destas cuestións, non deixa de ser significativo, igual que ocorría coa aparición da asinatura de Clodio Espasende, que varios destes artigos aparezan á beira doutros asinados como Ramón Vilar Ponte, como sucede no número editado polo xornal *A Nosa Terra* o Día da Patria de 1929 (véxase Villar Ponte, R. 1929f; Villar Ponte, R. 1929g; Millobre Pinto 1929c).

No primeiro dos textos que aparecen baixo este pseudónimo explica o autor o título xeral en que os enmarca (aínda que non todos os artigos o han levar), “Escallos lingüísticos”, sempre baixo esa constante aplicación pedagógica con que pretende facer proselitismo entre a mocidade:

Así como en monte bravo, no meio da roca estéril, o divino escallo d'unha pinga d'auga fai nascer un piñeiro, así quixerá eu que estes «Escallos lingüísticos» prenderán n'esa parte da nosa mocedade, que áinda háchase arredada das nosas arelas (Millobre Pinto 1928a: 2).

E no número seguinte, correspondente ao mes de novembro de 1928, V. Casas reclama a continuidade destes escritos ao afirmar que Millobre Pinto “ten a obriga de nos seguir falando así, n'ese lenguaxe maravilloso que cingue os espíritos dos «bos e xenerosos»” (Casas 1928: 8). Evidentemente, da absoluta entrega á causa de Ramón non se podía agardar máis que unha resposta afirmativa, pois nos números seguintes van ver o lume varios artigos assinados baixo este pseudónimo.

Tamén neste caso asistimos á utilización simbólica dos textos literarios, pois o segundo dos traballos que asina como Millobre Pinto recolle un relato histórico en que, entre outras cuestións, se denuncia como os netos dos heroes da Frouseira e Mondoñedo agora teñen casa en Madrid e falan castelán (Millobre Pinto 1928b).

Outro destes artigos (neste caso sob o rótulo de “Comentarios”) ataca os académicos por permitiren o emprego do español no Boletín da Academia:

Consta o Boletín da Academia (polo menos os que teño á vista), de trinta e duas páxinas. Arredando algúns que outro documento histórico escrito en galego e algún artigo tamén galego (sempré há de haber quen dé a nota exótica), todal-as demais están en castelán, o que nos dí que no órgano da Academia «galega» a prosa «galega» é insinificante, ¡fermoso simbolismo!, pois si nas follas do Boletín as únicas páxinas nas que podemos darnos o regalo de ler unha prosa enxebre son as dos «Documentos históricos» podemos facer a dedución de qu'o galego é considerado como unha curiosidade, algo así como unha d'esas pedras con inscripcións de que nos fala o arqueólogo Don Anxel del Castillo, e agora exprícome a maneira como foron levados á Academia certos señores (Millobre Pinto 1929b: 7).

Nalgún destes textos batemos co posicionamento sobre a estandarización que mantiña Ramón Vilar Ponte, que estaría, segundo Monteagudo (1995b: 90), más próximo a Vicente Risco que a seu irmán Antón. Aínda sendo evidente a súa defensa da anarquía lingüística na liña más risquiana no primeiro destes textos (“Falan da unidade ortográfica, falan da sua utilidade; queren desbotar a anarquía que hoxe ainda hai nas letras galegas. Parezme ben. Mais tamén penso que todal-as anarquías levan en si un fondo de beleza innata” Millobre Pinto 1928a: 2), pensamos que cómpre contextualizar os seus contidos. En primeiro lugar, o estilo deste primeiro texto concorda co habitual en de pequenas glosas sobre cuestións de relevancia sen grande afondamento, pois estes aspectos, por seren focados desde unha perspectiva que prima o didactismo e o chamamento á acción, aparecen analizados desde un esqueleto básico que á forza ha ser reducionista. Como é sabido, o 17 de febreiro de 1928 *El Pueblo Gallego* abre, máis unha vez, o debate sobre a necesidade de unificar o idioma, un debate en que participan, entre outros, Johán Carballera, Carré, Taibo, Augusto M<sup>a</sup> Casas, Antón Vilar Ponte e Couceiro Freijomil<sup>14</sup>. Ramón decide intervir e fai explícita a idea de que “os bos e

<sup>14</sup> Os dous últimos teñen un forte confrontamento nas páxinas do xornal durante o cal Antón recrimina a Couceiro o feito de utilizar o español para expor as súas opinións filolóxicas. A diferenza de opinións entre os dous autores foi estudiada recentemente por Ínsua (2002: 1746-1748).

xenerosos” deben agardar outros tempos para veren realizadas as súas arelas de unificación, movido, segundo consideramos, por un interese maior a defensa do cultivo da lingua e polo medo a varios perigos: a desunión dos galeguistas, a posibilidade de recibiren estes ainda máis ataques por parte dos inimigos da causa, o desánimo e a imaxe negativa que podería causar unha unificación que non fose aceptada pola maioria das persoas comprometidas co uso do idioma galego,...

Non deixa de ser unha evidencia a desorientación que existía neses momentos entre os escritores, algo que Ramón xustifica na imposibilidade de comezar o cultivo dun idioma e este se achar nun estado de perfección e nas vicisitudes que este tivo que padecer, o que provocou a súa corrupción. Cumpría, pois, desde a súa perspectiva, ter paciencia, mais a unificación había de se producir, igual que sucedeu no caso catalán. Tamén Antón Vilar Ponte ten exemplificado con Cataluña para rebater aqueles que poñían por diante a unificación ortográfica cando o prioritario era o maior cultivo do idioma como paso previo<sup>15</sup>.

As mesmas ideas son defendidas, meses máis tarde, nun artigo sen sinatura –que xulgamos pode tamén ser atribuído a Ramón Vilar Ponte–, onde novamente fica en evidencia a incomodidade do noso autor con estas polémicas entre irmáns e, onde, como novidade, o noso autor afirma a necesidade da unificación:

Volta novamente *El Pueblo Gallego* a insistir encol do tema.

Francamente temos de decir que nón nos expricamos esa impacencia.

Non haberá ningún que poida tacharnos a nós de enemigos da unificación pois ben se nos alcanzan as ventaxas que tería para o idioma galego cuia defensa, divulgación e milloramento é o noso credo. A razón da nosa existencia

[...] Nós pensamos que hoxe por hoxe o necesario é escribir moito en galego e ademais establecer un sólido contaito entre os escritores e o público. Facer unha maioría de leitores e amantes da nosa lingua en Galicia cousa que aínda non hai

[...] De todos xeitos e despois de expostas estas razóns que ao noso xuízo determinan a non perentoria necesidade da unificación, si o *Pueblo* conquire chegar a ela contará dende logo co noso acatamento e seremos os primeiros en someternos ás normas que se dicten sempre que así o acorde a maioría da opinión que traballa e pensa na formación do idioma galego ([Villar Ponte, R.] 1929e: 12).

Pensamos que Ramón Vilar Ponte redixe estos artigos (e o máis coñecido na actualidade sobre o tema, o que escribiu para a revista *Nós* en 1935) más guiado polo seu carácter optimista e o seu desexo de non caer no discurso derrotista e para el fundamentalmente paralizante que encheu as páxinas dos xornais de polémicas que daban azos ao inimigo, que para mostrar a súa oposición a unha unificación que ten por motivación principal nos seus defensores, segundo el mesmo reconece, un afán “nobilísimo e louvábel de que a nosa groriosa lingua abranga aquela co[n]sistência e aquela perfeición que terá de lle acarretar o meirande creto, e con él o meirande i-espallado cultivo” (Villar Ponte, R. 1935b: 204).

<sup>15</sup> Véxase Ínsua (2002: 1351-1352), onde recolle varios parágrafos da conferencia “Os nazionalismos ibéricos” que Antón Vilar Ponte impartiu o 6 de xaneiro de 1917 e cujo manuscrito se acha na Fundación Penzol.

### 3. Principais liñas vertebradoras do discurso xornalístico de Ramón Vilar Ponte

A análise dos textos vilarpontianos que se publicaron na época da preguerra civil española condúcenos aos seguintes fios condutores como eixes básicos reiterados até se faceren consubstanciais a toda a súa obra do seu pensamento:

#### *O chamamento á acción*

Unha das liñas vertebradoras de todo o discurso de Ramón Vilar Ponte é a súa reiterada reivindicación da acción como única maneira de combater o estado en que se atopa a Galiza. As referencias filosóficas que sustentan esta idea podémola achar en autores como Nietzsche, Le Bon ou Ortega, constantes nos seus escritos, moitas veces nun mesmo texto:

Un psicólogo de pueblos, el francés Le Bon, dice: «Vivir es luchar y pueblo donde no hay lucha, esto es, pueblo donde reine un pacifismo adormecedor no tardará en desaparecer rápidamente de la Historia». Con referencia al valor trascendente del dinamismo, a la importancia de la acción en las colectividades humanas, el genial profesor Ortega Gasset se expresa de este modo: «Poder vital quiere decir capacidad de ensayos. Y en un pueblo, sobre todo, más grave que el mucho fracasar es el poco ensayar».

Nada, por consiguiente, como la acción energética e intensa, como la acción robusta y continuada para alcanzar un vitalidad patente y, por o mismo, propicia a rendir el más apreciable caudal de valores. Quédese, pues, la pura contemplación, la anuladora pasividad y el abandono para los resignados a soportar beatificamente lo que pueda venir. Entre tanto a aquellos que aspiren a ser hombres útiles y viviente-, a ser, en una palabra, «nosotros», con Nietzsche les decimos: «¡Que vuestro trabajo sea una lucha! ¡Que vuestra paz sea una victoria! » (Villar Ponte, R. 1924b: 1).

É evidente que estas ideas (mesmo de chamamentos á acción directa e á exaltación do egoísmo<sup>16</sup> –Villar Ponte 1917c: 3-4– para loitar contra o déficit de autoestima do pobo galego) deben ser contextualizadas nun panorama en que as forzas eran escasas e os labores por facer moitos, outra das constantes repeticións dun escritor que, loxicamente baixo esta perspectiva, considera que “A inactividade é verba qu’o nazionalista ten que desconocere”<sup>17</sup> (Villar Ponte, R. 1920c). Xustamente é nesta liña onde debemos enmarcar un artigo anterior asinado como Clodio Espasende (1919a:1) e titulado “Algo sóbor de nós”, que critica duramente a inactividade das Irmandades e defende o traballo constante, ao pór por riba de calquera outra consideración o entusiasmo como motor do movemento. As críticas pola falta

<sup>16</sup> Un egoísmo diferente do egoísmo exclusivista castelán que se disfraza de patriotismo, pois mentres o que uns pretenden é a defensa do derecho a existir dos pobos asoballados, outros pretenden afianzar a súa dominación (Villar Ponte, R. 1931a: 1).

<sup>17</sup> Anos máis tarde, en plena posguerra, Ramón Vilar Ponte continúa pensando o mesmo, pois unha e outra vez na súa correspondencia lamenta a escasa actividade de certas institucións, como a Real Academia Galega, un aspecto que comenta coa ironía tráxica de quem se ve afastado da oficialidade do interior e impossibilitado para actuar como el quixera: “Supoño que chegaría ás tuas mans o boletín da ‘Real Academia Galega’. Si non-o recibiches dimo, pra indicar que o remitan sin perda de tempo. Eu me supoño, e coido que non eisaxero ren, que a saída do novo número será dentro de dous ou tres anos. E pra iso si as cousas marchan como deben” (carta de Ramón Vilar Ponte a Ramón Otero Pedrayo datada o 23 de novembro de 1949 e depositada na Biblioteca da Fundación Penzol, CA-627 / 5).

de actividade diríxense, anos máis tarde, aos mozos galegos, por procuraren fóra e desculparon o necesario contributo á causa (Villar Ponte, R. 1930a). Existe, pois, un deber ineludible de que ninguén pode fuxir:

Erguerse, pois, é forza. Erguerse e actuare. Onde sexa e como sexa. N-iste campo ou no outro. Cada cal asegún a sua ideoloxía e as suas preferenzas e simpatías por avanzadas i estravagantes qu'elas resulten. Percísase mais que nunca a actuación, o esforzo, a loita (Villar Ponte 1930b: 1).

Varios dos títulos dos seus textos anuncian este contido, quer de maneira directa (“A necesidade da aución”, Villar Ponte, R. 1918a: 4, “Verbas non, feitos”, Villar Ponte, R. 1919d: 4-5, “Vitalidade d'un movemento”, Villar Ponte, R. 1920a: 8-9, “Vida y Acción”, Villar Ponte, R. 1924b: 1) quer indirecta (“¡Nazionalistas, a xuntarnos! Unha ideya”, Villar Ponte, R. 1917a: 6, “Vai sendo hora”, Villar Ponte, R. 1920b: 1-2, “Verva qu'obriga a moito”, Villar Ponte, R. 1920c: 8-9).

#### *A reivindicación de símbolos e figuras da tradición galeguista*

O noso incansábel entusiasta non falta nunca ás citas obrigadas, quer para difundir a necesidade de festexar datas como o 2 de abril de 1846, o 25 de xullo ou o 17 de decembro<sup>18</sup>, quer para honrar os devanceiros (literatos, intelectuais ou políticos) que tanto fixeron pola causa<sup>19</sup>. Mais Ramón Vilar Ponte non vincula a denuncia e o combate unicamente á celebración de certas efemérides nin utiliza estas datas de maneira ritual ou folclórica, senón que aproveita ese momento de especial sensibilidade, ou simplemente de maior fortuna para a publicación de escritos con estes contidos, para “inocular todo o seu virus nazionalista galaito”, como el mesmo definiría a súa etapa de director do xornal ferrolán *El Correo Gallego*, ou, con outras palabras, para crear conciencia nacional. A recuperación da memoria dos predecesores directos do nacionalismo era, como para todos os seus compañeiros de xeración, a mellor maneira para a cultura galega se reinxertar en si mesma novamente.

Desta maneira, a súa obsesión proselitista mantense os 365 días do ano e aproveita o inicio de cada estación, época ou anualidade para insistir no compromiso co país, quer, como xa vimos, escribindo un relato sobre a primavera en que o florecer da Terra se equipara ao

<sup>18</sup> Ou mesmo xuntando os referentes destas dúas últimas datas, como sucede no artigo “Un verdadeiro ‘Día de Galiza’” (Villar Ponte, R. 1928c: 4) que contén a simbólica dedicatoria de “Para os irmáns”.

<sup>19</sup> Esta reivindicación da nosa historia continuará sendo fundamental tamén na posguerra, pois, para alén da valente cita dos seus compañeiros represaliados e asasinados após a guerra civil española (Villar Ponte, R. 1977), sempre vai procurar dotar os seus textos dunha actualización que poída ser recibida como algo presente, do que temos que tirar proveito. Así, referíndose a Murguía di o seguinte uns meses antes de falecer: “Hombre en todo momento actual, el Patriarca que ayer hizo treinta años que pasó a mejor vida, vive y seguirá viviendo entre nosotros, especialmente entre todos aquellos que nos creemos sus seguidores. Y las enseñanzas palpitantes en su obra imperecedera nos aleccionan y orientan en todo momento” (V[illar] P[onte], R. 1953: 5). Igualmente, tal e como nos fixo ver a profesora García Negro no Simposio “Ramón Vilar Ponte (1890-1953). 50 anos depois” (García Negro, no prelo), cunha forma verbal en presente, o noso autor xoga coa actualización dos deseños das Irmandas en plena ditadura ao afirmar o seguinte: “Os da Xeración do 16 queren unha Galiza enteira que descoñeza o axionllamento e que non scipa de concesións e renuncios vergonhosos cando asistalle o dereito e a razón se ache a carón d'ela” (Villar Ponte, R. 1977: 28).

agromar da aletargada conciencia nacional (Villar Ponte, R. 1922b), quer utilizando diferentes símbolos que coadxuven na reivindicación do noso orgullo como galegos e galegas.

### O idioma, principal signo de identidade nacional

A defensa da lingua de Ramón Vilar Ponte está fundamentada na doutrina murguiana, e, moi concretamente, na idea de que aquel pobo que fala unha lingua que non lle propia é un pobo que non se pertence. Igualmente, como non podía ser doutra maneira e xa foi explicitado (Millán Ibañez 2000: 42-44), o seu pensamento é debedor do protagonismo que Herder concede á lingua como elemento que expresa a identidade de cada pobo.

Téndemos en conta estas consideracións, toda a doutrina vilarpontiana, estudiada fundamentalmente desde a perspectiva histórica e política, está focada desde a centralidade da lingua como factor definitorio da nacionalidade e da capacidade de posuirmos unha vida autónoma e non dependente, e a súa reflexión sobre a lingua constitúe, sen ningunha dúbida, unha das elaboracións más sólidas, sistemáticas e recorrentes da nosa Historia contemporánea, sen desmerecer para nada os contributos dun Castelao ou dun Antón Vilar Ponte.

No texto “As duas Galizas” (Villar Ponte, R. 1922f), para alén do recoñecemento da vontade de tomar como exemplo para a reconstrucción das esencias da patria o mundo rural, indícase que o xermolo necesario para a total liberación da Galiza residen (por esta orde) na fala, no dereito e nos costumes.

Da importancia da coherencia lingüística da elite galeguista dan conta tamén outros dous artigos publicados no ano 1923, que presentan os mesmos contidos con lixeiras modificacións (Villar Ponte, R. 1923b; Villar Ponte, R. 1923c). Recoñécese aquí a imposición do castelán como lingua pública en todas as capas sociais da Galiza agás na labrega, ao reservárena os artesáns unicamente para os usos domésticos nun proceso de suplantación que cada vez cobra máis força nas cidades e nas vilas:

En todal-as capas sociales da Galiza excepto na labrega -ben haxa illa pol-a sua enxebreza salvadora!- foise impondo o castelán como lingua pra erguel-a voz na via pública, por for-túa solamente, xa que no íntimo do fogare a lingua autóctona, a nosa língua -ollese o caso típico de horteiras e modistiñas das vilas galegas- sigue impóndose e usándose como única pese á contrariedade que isto supón prá os probes imbecíles que ollan no castelán como lingua superior. Non todos poden bulraren, inda que se contrarien e sofran, as leis biolóxicas. O feito natural, actuando compasiva e prudenzalmente, fai imposible a prena imbecilización da maoría dos nosos compatriotas (Villar Ponte, R. 1923b: 1).

Contra esa asimilación lingüística, que algúns ven como irremediábel, loita a aristocracia galeguista, as persoas escollidas para guiaren o pobo que constitúe a auténtica Galiza, a integrada polo mundo labrego, pois a formada polos vilegos leva camiño de ser asimilada totalmente polas influencias alleas. A denuncia do proceso de substitución do galego tamén se observa na continua posta en causa do “caricaturesco castelán” que moitos empregan.

Para Ramón Vilar Ponte a defensa do idioma era a mellor maneira de se comprometer coa patria e a súa constante exhortación ao aristocratismo e á minoría de elixidos que poden salvar o país, ademais de se encardinar perfectamente no pensamento e na ideoloxía defendida por un sector das Irmandades e de Nós, está xustificada no obxectivo de procurar unha

modificación da conduta das clases altas, pois só así poderían recuperar ou afianzar os usos lingüísticos das clases medias, subordinadas ás más das veces a aquelas que consideran superiores:

O afán de imitare aos siñoritos, a istes señoritos da nosa terra parvos, valeiros, totalmente risíbeis é, en gran parte, a causa da suprantación forzada do meio natural d'expresión polo caricaturesco castelán empregado hoxe en día a eito por cibdades e vilas [...]

Por iso hoxe cando unha avalancha de ordinarez e de falla d'espiritualidade esteriorizadas polo emprego de un castelán revelador de rubida cursilería, parece invadire a nosa terra, a soia utilización do noso grorios idioma, sen outra cousa, xa é de abondo pra amostrarre nos que tal fan certo aristocratismo, certo matiz de selección, d'escolma que impide a posibilidade de unha doorosa incrusión no fato dos sen persoalidade difrenzabel onde toda cursilería, ordinarez e groseiría teñen o seu afincamento axeitado (Villar Ponte, R. 1923b: 1).

Para conseguir os obxectivos que deseña a Xeración do 16 é preciso que os seus membros teñan unha actitude modélica nos seus comportamentos lingüísticos, pois só coa total coerencia nos seus usos poderán atraer á causa aquelas persoas que as consideren un exemplo para seguir. Nesta mesma liña, e como comentamos anteriormente, Ramón Vilar Ponte é contundente nas súas críticas ao denunciar que a falta de compromiso real co idioma é un sinal que reflicte que algúns non son “veradeiros galeguistas”:

Tal é o caso concreto do seudogaleguista que, ocupando un posto de representación, prescinde do emprego da lingua galega, sen motivo ningún para elo e a pesar de non descoñecere a conducta oposta dos que se atopan no seu caso. Usando, en troques, do castelán, fagendo eisí caso omiso da obriga pirmeira e ineludibel, que todo galeguista ten, de usare a cotío a lingua vernácula, non xa nas conversas privadas sinón tamén en todal-as súas actuacións públicas [...]

Ser ou non ser, poderíamos decirle con verbas hamletianas ao que se atope no caso aludido. Ser galeguista ou non selo. Si o derradeiro, sobre todo canto se diga. Cada un é moi dono de proceder como lle pete. Mais si o pirmeiro, de aquela hai que actuar como se debe. E iste como se debe non é outro, que o de empregar o idioma galego en todol-os intres de actuación pública. Xa que non faguelo equival a unha negación implícita da patria que se di sentir e da que a pirmeira afirmación, a máis categórica e trascendente, é a que se fai cultivando a lingua na que a i-alma nacional se manifesta rexamente e sen coutamentos, na agardanza da súa total recuperación (Villar Ponte, R. 1936: 4).

Aínda que moitos dos textos de Ramón Vilar Ponte falan da lingua é de xustiza lembrar –polo que tería suposto de se ver realizado integralmente– o seu proxecto de realizar unha historia da lingua, un proxecto que xa fora anunciado no *Breviario da Autonomía* (Villar Ponte, R. 1933c) como “libro de proselitismo (en preparación)”, do que só se conserva (e do que moi probabelmente só foi redixido) o primeiro capítulo (véxase Sanmartín Rei 2004).

### *O universalismo desde a diferenza*

Ramón Vilar Ponte sente a necesidade de explicar, como lóxica reacción a moitos dos

ataques que se realizaban contra a causa galeguista, a comunión do sentimento internacionalista coa defensa da identidade nacional sempre dende a defensa da unión do nacionalismo e o antiimperialismo, un aspecto a que o noso autor dedicou o ensaio presentado en 1927 para o ingreso no Seminario de Estudos Galegos titulado “O sentimento nazionalista e o internazionalismo” (Villar Ponte, R. 1929a; Villar Ponte, R. 1929b; Villar Ponte, R. 1929c; Villar Ponte, R. 1929d). Tamén en moitos dos seus artigos intenta facer chegar á poboación esta idea a través dunha explicación o máis didáctica posíbel:

Mais pra sere un perciso é deixare de sere facilmente confundíbel cos demais [...] mais isto, emporiso, non quer decir que haxa necesidá de crebaren aquiles vencellos espirituales que fan da Humanidade unha rexia i-enorme familia (Villar Ponte, R. 1922g).

Estas ideas tamén están presentes en textos que asina con pseudónimo (Millobre Pinto 1929c), ultrapasan a súa obra anterior á guerra e chegan até os seus últimos artigos xornalísticos:

Gallego de cuerpo entero, gallego representativo, Murguía es un valor universal. Y es al mismo tiempo la representación plena, irrefutable, concluyente, de que siendo uno integralmente de su país, viviendo, trabajando para su país es como de verdad se llega al mundo entero (V[illar] P[onte], R. 1953: 5).

### *A visibilidade da asimilación*

Na mesma liña do apartado anterior, Ramón Vilar Ponte busca dotar as persoas próximas ao nacionalismo dos recursos necesarios para combateren as teses contrarias naqueles ámbitos menos favorábeis aos posicionamentos do galeguismo organizado. Unha das maneras que xulga máis efectiva para levar a cabo este propósito é denunciando as aldraxes cometidas contra os galegos e os preconceptos que existen sobre eles en todo o Estado español. Velaquí outro dos tópicos da obra vilarpontiana, que ve na súa divulgación unha das mellores fórmulas para aumentar a nosa autoestima. Cómpre lembrarmos a este respecto as diferentes anotacións que Ramón escribiu para a obra *O feito lingüístico galego* da que só coñecemos o primeiro capítulo e cuxos índices daban conta destas preocupacións do noso autor (véxase Sanmartín Rei 2004: 87).

É neste sentido como hai que entender o ataque aos señoritos das cidades e das vilas do noso país, por non veren que as reivindicacións nacionalistas teñen unha xusta explicación pois, para além de non sentiren aqueles os males da emigración, só se achegan ao agro desde unha perspectiva folclórica ou electoralista (Villar Ponte, R. 1922d).

O combate da interiorización da subordinación explica textos como “A lexítima xenreira”, que pretende fomentar a autoestima e estimular unha reacción forte e contundente nos connacionais:

Os séculos de asoballadura e d'escravitude e pestes como laxes de chumbo en col dos galegos, foron o impedimento que fixo marchare en frol os xermolos de lexítima indiñación e do ben xustificado odio (Villar Ponte, R. 1922d).

Poderían malinterpretarse estas afirmacións se non fosen contextualizadas nunha loita contra o carácter que os galegos foron forxando e cuxa explicación pode explicarse historicamente ao estar vinculada co proceso de autooidio:

Como algúen ten dito, e moi acertadamente, a raposería pranta perniciosa que se dá entre nós como se da antre todolos residiados e ainda gustosos do sometimento non é, en realidade, mais que unha cbardía [sic] adobiada de listeza. E mais ainda que isto. E a tristeira consecuencia de un longo periodo d'escravitude no que a perda dos azos para recramare violentamente a libertade e o funesto convencimento de que hai unha fatalidade que manda e contra da que non hai remedio, obligaron aos disgrazados incapaces de se remontaren por encol de sí mesmos a disfrazaren un día e outro o seu pensamento e a ocultaren os seus propósitos cō fin de que a tranquilidade e o contento dos amos se non viñera nunca a turbare por culpa dos esclavos. De tal xeito, o qu'escomenzou sendo artimaña a empregare soio cōs alleos, findou a forza de uso por sere empregada tamén cōs propios. E, pasenifo, a raposería odiosa e noxenta veu a se amostrarre para deshonra nosa como incorporada ás características raciaes (Villar Ponte, R. 1927b: 1).

Calquera feito puntual serve para denunciar a marxinación da Galiza e facer visíbel a súa secundarización dentro do Estado español. Porén, non sempre se sitúa a responsabilidade da nosa situación fóra das nosas fronteiras ao constituír un dos esteos do pensamento vilar-pontiano o suicidio do pobo galego por provocar el mesmo a súa desgaleguización, e, xa que logo, o seu lento camiñar cara á súa desaparición. De aí que títulos como “A cada un o seu” (Villar Ponte, R. 1922a) ou “As duas Galizas” (Villar Ponte, R. 1922f) sinteticen unha das liñas de reflexión constante sobre o noso proceder e o papel que cumplimos ou temos que cumplir na sociedade galega. No primeiro destes textos denúnciase a hipocrisía da universidade galega que en propiedade debería denominarse “centro universitario castelán radicado en Santiago” pola exclusión da lingua galega de todas as súas actividades. No segundo contrapónense a Galiza aldeá á vilega, insistindo en que só a primeira pode dar esperanza aos poucos que “decatándonos da nosa obriga e da nosa proxenie, vimos decotío atafegados pola tareia rexa de crearmos unha concenza nazonal”.

Ademais de pairar sobre toda a obra ramonianiana o conflito nación / Estado e a loita contra o imperialismo, estes elementos constitúen, asemade, os principios articuladores de gran parte dos seus escritos xornalísticos, quer por denunciaren as consecuencias para Galiza e as outras nacións do Estado español da política centralista castelá, quer por faceren fincapé na posibilidade de reaxir contra este asimilismo ao centrar os nosos esforzos en recuperarmos a autoestima e a dignidade. Para conseguir tales fins, cómpre, para além da necesaria autoorganización dotando o movemento do necesario corpo doutrinario, sermos coerentes e fieis cos propios ideais nun compromiso que debe guiar a conduta dos verdadeiros patriotas en cada un dos seus actos. A argumentación que utiliza o autor, ainda sendo sempre de denuncia (pénsese no texto titulado “A mentira unificadora” Villar Ponte, R. 1935a: 4), vai acompañada moitas veces dun forte optimismo con que se quere impregnar a sociedade da época, ao dar por feito que o camiño andado xa frutificou (Villar Ponte, R. 1933a: 1).

Evidentemente, e áinda que exemplifiquemos co caso galego, diferentes textos toman como referente outras realidades europeas que servirán ao obxectivo de amosar que é posibel construírmos un outro mundo conformado baixo uns ideais de harmonía e cooperación. Nesta liña, e para alén dos casos de Polonia, Bélxica, Checoeslovaquia, ou Irlanda<sup>20</sup> (por citarmos os más habituais), temos que salientar o omnipresente caso catalán, mostra das importantes relacóns que mantiveron os nacionalistas destes países na época da preguerra civil española. Lembremos, neste sentido, que Ramón Vilar Ponte foi unha das persoas que viaxou a Barcelona en 1917 para participar na *Semana Gallega* que organizou a *Lliga Regionalista* e que solicitou a Puig I Cadafalch, Presidente da *Mancomunitat català*, que prologase a súa *Doctrina nazionalista*. A realidade catalá é un exemplo constante e, igual que na actualidade, a nación irmá é vista como a que pode guiar un outro camiño posibel no Estado:

A Hespaña informe, intanxíbel, ríxida que nos legaron os Reis Católicos e que vive forzadamente sometida ao ritmo único que dende a Porta do Sol se marca, sigue sendo a angueira suprema dos políticos de agora como a foi dos de denantes. A historia continúase. Con república como con monarquía os centralistas son os amos. ¡E menos mal que hai unha Cataluña que apreta e que se move, que si non...! (Villar Ponte, R. 1932a: 1).

### Conclusións

O discurso con que Ramón Vilar Ponte, a través dos artigos xornalísticos que publica antes de 1936, pretende contaxiar a sociedade galega do seu entusiasmo pola causa galeguista caracterízase polos seguintes trazos substanciais:

- O carácter didáctico e proselitista, algo que consegue cun discurso radical en que é frecuente a interpelación ao pobo galego e a exemplificación de diferentes realidades e episodios da nosa historia para así fomentar a autoestima e a conciencia nacional.
- A procura dunha complicidada emocional co público lector, que provoque que este se teña que posicionar a favor ou en contra do que se está a afirmar, sen posibilidade de manter actitudes ambiguas ou de se mostrar indiferente ante os feitos que se relatan.
- A utilización da exhortación á acción como única maneira de avanzar no proceso de liberación nacional e de conformación dunha entidade territorial diferenciada.
- A oposición total ao imperialismo e a negación de que se vincule o nacionalismo con calquera ideoloxía que non sexa pacifista e internacionalista, pois o carácter universal da nosa contribución á humanidade só poderá partir da valoración da nosa realidade particular.
- A súa doutrina centra na lingua a esencia da nacionalidade e a súa obra e a súa vida constitúen exemplos de máxima coerencia entre a teoría que se defende e a praxe que se desenvolve, un feito –reconecido polos seus compañeiros de xeración– que o acompañou até a súa morte, pois viviu a longa posguerra afastado de renuncias ideolóxicas e empeñado en transmitir, con total veracidade, o legado da súa xeración.

<sup>20</sup> Na maior parte dos casos trátase de buscar exemplos aleccionadores na historia dos pobos irmáns, como sucede na súa “Lembranza” subtitulada “Elexía do bon irlandés” (Villar Ponte, R. 1921b: 2).

- Se a súa obra política pode considerarse central para o nacionalismo posterior, con evidentes concomitancias cos textos de Castelao, os seus artigos supoñen unha demostración da planificación que a Xeración do 16 realizou a respecto da política da lingua que Galiza debía seguir para recuperar a súa lingua e situala no lugar que lle correspondía como idioma propio do país. Neste sentido, Ramón Vilar Ponte é, como xa o definimos noutro lugar (Sanmartín Rei, no grelo), un pioneiro da sociolingüística galega moito antes de que entre nós se falase desta disciplina.

- En derradeiro lugar, queremos sinalar que Ramón Vilar Ponte foi un escritor vocacional que, plenamente consciente da importancia da consolidación dun sistema literario galego, introduciu na súa escrita os discursos que lle pareceron más acaídos para difundir a doutrina nacionalista e influír na sociedade galega da época.

## Referencias bibliográficas

- BERAMENDI, J. G. (1991): *Obra política de Ramón Villar Ponte* (Sada, A Coruña: O Castro).
- CARBALLO CALERO, R. (1981): *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).
- CASAS, V. (1928): “Cousas”, *A Nosa Terra* (1-XI-1928), 254: 8.
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1918a): “As terras mortas. Verdades que  
doen”, *A Nosa Terra* (20-VIII-1918), 64: .
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1918b): “A libertade d’os pobos”, *A Nosa  
Terra* (10-IX-1918), 66: .
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919a): “Pequenas considerazóns. Algo  
sobor de Nós”, *A Nosa Terra* (15-IV-1919), 85-86: .
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919b): “Pequenas consideirazóns. De re  
nazonalista”, *A Nosa Terra* (5-V-1919), 88: .
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919c): “Pequenas considerazóns. Loita  
curiosa”, *A Nosa Terra* (15-V-1919), 89: 6-7 .
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919d): “Pequenas consideirazóns.  
Importanza da lingua”, *A Nosa Terra* (15-VI-1919), 91: 4-5.
- ESPASENDE, Cl. [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1919e): “Verbas. Unha opinión”, *A Nosa  
Terra* (25-IX-1919), 101: 2.
- FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, C. (2003): *A construción nacional no discurso literario de  
Ramón Otero Pedrayo* (Vigo: A Nosa Terra).
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos  
lingüísticos galegos de principios do século XX* (1913-1936). Anexo 47 de *Verba* (Santiago  
de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- GARCÍA BLANCO, M. (1912): *Consideraciones sobre la Decadencia y Rehabilitación de la Lengua Gallega* (Lugo: El Norte de Galicia).
- GARCIA NEGRO, M. P. (no prelo): “Bases da apoloxética da língua galega en Ramón Vilar Ponte”, en Blanco Echauri, J. (coord.): *Símposio Ramón Vilar Ponte (1890-1953). 50 anos despois, celebrado en Lugo o 16, 17 e 18 de xaneiro de 2003.*
- ÍNSUA LÓPEZ, E. (2002): *Antón Villar Ponte. Vida, obra, traxectoria cívica e pensamento*. 2 vols. Tese de Doutoramento inédita. Universidade de Santiago de Compostela.
- ÍNSUA LÓPEZ, E. (2005): *Antón e Ramón Vilar Ponte: unha irmánsade alén do sangue* (Santiago de Compostela: Publicacions do Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro).
- MILLÁN IBÁÑEZ, L. C. (2000): “As orixes teóricas do nacionalismo galego: o pensamento de Herder na obra de Ramón Villar Ponte”, *Tempo Novos*, 37: 42-44.
- MILLÁN OTERO, X. M. (2000): “A obra teatral de Ramón Cabanillas: unha cala en *O Mariscal*”, *Pontenorga*, 2: 55-75.
- MILLOBRE PINTO [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1928a): “Escallos lingüísticos”, *A Nosa Terra* (1-X-1928), 253: 2-3.
- MILLOBRE PINTO [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1928b): “Escallos lingüísticos”, *A Nosa Terra* (1-XII-1928), 255: 10-11.
- MILLOBRE PINTO [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1929a): “Con sentimento”, *A Nosa Terra* (1-III-1929), 258: 4.
- MILLOBRE PINTO [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1929b): “Comentarios”, *A Nosa Terra* (1-V-1929), 260: 7-8.
- MILLOBRE PINTO [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1929c): “Sen título”, *A Nosa Terra* (25-VII-1929), 263: 8.
- MILLOBRE PINTO [pseudónimo de Ramón Vilar Ponte] (1929d): “Feitos”, *A Nosa Terra* (1-X-1929), 265: 6-7.
- MONTEAGUDO, H. (1995a): *Ideas e debates sobre a lingua: Alfonso D. Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*. Tese de Doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela.
- MONTEAGUDO, H. (1995b): “Ideas de Vicente Risco sobre a lingua Galega”, en *Congreso Vicente Risco: 87-127* (Vilagarcía de Arousa: Xunta de Galicia).
- MURGUÍA, M. (1864): “Galería de gallegos ilustres. Don Nicomedes Pastor Díaz”, en *Almanaque de la juventud elegante y de buen tono para 1865*: 40-48 (Lugo: Soto Freire).

- MURGUÍA, M. (1906): “Discurso del señor académico presidente”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, ano I, números 6 e 7: 125-129.
- MURGUÍA, M. (1976 [1885]): *Los precursores* (La Coruña: La Voz de Galicia).
- PARDO BAZÁN, E. (1984 [1888]): *De mi tierra* (Vigo: Xerais).
- SANMARTÍN REI, G. (no prelo): “Ramón Vilar Ponte, un pioneiro da Sociolingüística galega” en Blanco Echauri, J. (coord.): *Simposio Ramón Vilar Ponte (1890-1953). 50 anos despois, celebrado en Lugo o 16, 17 e 18 de xaneiro de 2003*.
- SANMARTÍN REI, G. (2004): “Ramón Vilar Ponte e os estudos sobre a lingua galega”, *Estudos Galegos*, 4: 75-93.
- TATO FONTAÍÑA, L. (2003): “A emerxencia do discurso narrativo”: das coleccións de novela curta ao romance”, en Maleval, M.A. Tavares / Salinas Portugal, F. (orgs.): *Estudos galego-brasileiros*: 193-218 (Rio de Janeiro: H. P. Comunicação).
- VILLAR PONTE, R. (1917a): “¡Nazonalistas, a xuntarnos! Unha ideya!”, *A Nosa Terra* (25-I-1917), 8: 6.
- VILLAR PONTE, R. (1917b): “Fatalidade asimilista”, *A Nosa Terra* (20-IX-1917), 31: 2.
- VILLAR PONTE, R. (1917c): “A esaltazón do egoísmo”, *A Nosa Terra* (20-X-1917), 34: 3-4.
- VILLAR PONTE, R. (1918a): “A necesidade de aución”, *A Nosa Terra* (10-III-1918), 47-48: 4.
- [VILLAR PONTE], R. (1918b): “Fixando puntos. A base nazonalista”, *A Nosa Terra* (10-IX-1918), 66: 1-2.
- [VILLAR PONTE], R. (1918c): Fixando puntos. O sentimento da patria”, *A Nosa Terra* (30-IX-1918), 67-68: 1-2.
- [VILLAR PONTE], R. (1918d): Fixando puntos. A grande minsión galega”, *A Nosa Terra* (15-X-1918), 69: 2.
- [VILLAR PONTE], R. (1919a): “Verbas acesas”, *A Nosa Terra* (5-V-1919), 88: 1-2.
- [VILLAR PONTE], R. (1919b): “Verbas acesas”, *A Nosa Terra* (15-V-1919), 89: 6.
- [VILLAR PONTE], R. (1919c): “Verbas acesas”, *A Nosa Terra* (25-V-1919), 90: 4.
- VILLAR PONTE, R. (1919d): “Verbas non, feitos”, *A Nosa Terra* (5-IX-1919), 99: 4-5.
- VILLAR PONTE, R. (1920a): “Vitalidade d'un movemento”, *A Nosa Terra* (15-VII-1920), 123: 8-9.
- VILLAR PONTE, R. (1920b): “Vai sendo hora”, *A Nosa Terra* (25-IX-1920), 128: 1.

- VILLAR PONTE, R. (1920c): "Verba qu'obriga a moito", *A Nosa Terra* (5-XI-1920), 130-131: 8-9.
- VILLAR PONTE, R. (1921a): "Divagaciós illadas", *A Nosa Terra* (15-VI-1921), 142: 2-3.
- VILLAR PONTE, R. (1921b): "Lembranza. Elexía do bon irlandés", *Nós* (20-VIII-1921), 6:2.
- [VILLAR PONTE, R.] (1921c): "Una cuartilla. Luz y obscuridad", *El Correo Gallego*, 15621 (7-IX-1921): 1.
- [VILLAR PONTE, R.] (1921d): *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, Ano 1, 1: 1-4.
- VILLAR PONTE, R. (1922a): "Unhas liñas. A cada un o seu", *La Zarpa* (2-IV-1922), 213: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1922b): "Poemática. Introito do mes de maio", *La Zarpa* (7-V-1922), 241: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1922c): "Tráxica historia curta", *La Zarpa* (24-V-1922), 255: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1922d): "Refrexos. Xordeira e ceguedade", *La Zarpa* (30-VI-1922), 287: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1922e): "Refrexos. A lexítima xenreira", *La Zarpa* (8-X-1922), 372: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1922f): "As duas Galizas", *La Zarpa* (27-X-1922), 387: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1922g): "Refrexos. Pequena glosa", *La Zarpa* (17-XII-1922), 429: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1923a): "Refrexos. O eterno descoñecere", *La Zarpa* (17-I-1923), 455: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1923b): "Refrexos. Siñal de selección", *La Zarpa* (23-I-1923), 460: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1923c): "Refrexos. Característica que selecciona", *La Zarpa* (13-II-1923), 477: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1924a): "Contos galegos. O derrotado", *Galicia. Diario de Vigo* (9-III-1924), 455: 3.
- VILLAR PONTE, R. (1924b): "Vida y acción", *Galicia. Diario de Vigo* (9-IV-1924), 481: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1924c): "Líneas incidentales. Apariencias paradógicas", *Galicia. Diario de Vigo* (18-V-1924b), 513: 3.
- VILLAR PONTE, R. (1924d): "En aquel tiempo...", *Galicia. Diario de Vigo* (29-VII-1924), 572: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1927a): "Liñas incidentaes. Luz i-escuridade", *El Pueblo Gallego* (10-II-1927), 942: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1927b): "Encol da rosophería", *El Pueblo Gallego* (18-VI-1927), 1051: 1.

- VILLAR PONTE, R. (1928a): "Liñas incidentaes. Diante dun novo libro", *El Pueblo Gallego* (11-V-1928): 2.
- VILLAR PONTE, R. (1928b): "Liñas incidentaes. Encol da lingua", *El Pueblo Gallego* (18-V-1928): 1.
- VILLAR PONTE, R. (1928c): "Un verdadeiro 'Día de Galiza'", *El Pueblo Gallego* (25-VII-1928): 4.
- VILLAR PONTE, R. (1929a): "O sentimento nazionalista e o internazonalismo", *A Nosa Terra* (1-II-1929), 257: 12.
- VILLAR PONTE, R. (1929b): "O sentimento nazionalista e o internazonalismo", *A Nosa Terra* (1-III-1929), 258: 5-8.
- VILLAR PONTE, R. (1929c): "O sentimento nazionalista e o internazonalismo", *A Nosa Terra* (1-IV-1929), 259: 5-8.
- VILLAR PONTE, R. (1929d): "O sentimento nazionalista e o internazonalismo", *A Nosa Terra* (1-VI-1929), 261: 5-8.
- [VILLAR PONTE, R.] (1929e): "A unificación do idioma", *A Nosa Terra* (1-VII-1929), 262: 12.
- VILLAR PONTE, R. (1929f): "Eu vos digo irmans...", *A Nosa Terra* (25-VII-1929), 263: 4.
- VILLAR PONTE, R. (1929g): "Unha afirmación inxusta", *A Nosa Terra* (25-VII-1929), 263: 9-11.
- VILLAR PONTE, R. (1930a): "Da parte de afora", *El Pueblo Gallego* (29-I-1930): 12.
- VILLAR PONTE, R. (1930b): "O deber ineludíbel", *El Pueblo Gallego* (21-II-1930): 1.
- VILLAR PONTE, R. (1930c): "Peirao romántico", *Alborada. Órgano de la Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión* (VIII-IX-1930), 57.
- [VILLAR PONTE], R. (1930d): "A cuarta plana", *A Nosa Terra* (1-IX-1930), 275: 6.
- VILLAR PONTE, R. (1931a): "Unhas liñas. Patriotismo, non; egoismo", *El Pueblo Gallego* (1-X-1931), 2337: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1931b): "Unhas liñas. Inda que non queira Unamuno", *El Pueblo Gallego* (3-X-1931), 2339: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1932a): "Verbas no vieiro. Incomprensión e cativez", *El Pueblo Gallego* (13-V-1932): 6.
- VILLAR PONTE, R. (1932b): "Lembrando un aniversario", *A Nosa Terra* (15-V-1932), 294: 5.
- VILLAR PONTE, R. (1932c) [1927]: *Historia sintética de Galicia*. 2<sup>a</sup> ed. (Santiago: Nós).

- VILLAR PONTE, R. (1933a): "No roteiro autonómico. O troque necesario", *El Pueblo Gallego* (28-I-1933).
- VILLAR PONTE, R. (1933b): "En col de unha Conferencia. Ao paso de unha inxusticia", *El Pueblo Gallego* (26-X-1933), 2989: 1.
- VILLAR PONTE, R. (1933c): *Breviario da Autonomia* (Santiago: Nós).
- VILLAR PONTE, R. (1935a): "A mentira unificadora", *El Pueblo Gallego* (25-VII-1935): 4.
- VILLAR PONTE, R. (1935b): "A unificación da língua. Unha preocupación inxustificada.- Espello en que fitarnos", *Nós* (Xullo-Nadal 1935), 139-144: 204-208.
- VILLAR PONTE, R. (1936): "Pra quen sexa", *A Nosa Terra* (22-V-1936), 415: 4.
- V[ILLAR] P[ONTE], R. (1953): "Murguía", *La Voz de Galicia* (3-2-1953): 5.
- VILLAR PONTE, R. (1977): *A xeración do 16. Discurso lido o día 16 de xuño do 1951, na súa recepción por Don Ramón Villar Ponte e resposta de Don Ramón Cabanillas Enríquez* (A Cruña: Publicacións da RAG).
- VILLARES, R. (1984): *A Historia* (Vigo: Galaxia).